



PLAN DE CONTINXENCIA 2021-2022

1. INTRODUCCIÓN

O desenvolvemento do curso 2021-2022 está pensado para ser esencialmente presencial, pero non podemos excluír a idea dunha nova ola ou unha situación de pandemia que volva a afectar á vida escolar e a nosa vida cotiá en xeral.

Polo tanto é imprescindible establecer un “Plan de Continxencia” que garanta o dereito á educación do alumnado que se vexa na obriga de permanecer confinado nos seus fogares como consecuencia do peche da súa aula, do seu nivel ou do centro.

Este Plan de Continxencia, previsto no apartado 10.5 do "Protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022, de conformidade coas previsións do modelo que figura no Anexo III. Nel estableceranse as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia de acordo coa resolución que se dite para regular Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

2. OBXECTIVOS

- Establecer as medidas preventivas e as actuacións a desenvolver diante da aparición dun gromo.
- Establecer as medidas necesarias para garantir a continuidade do proceso educativo a distancia no caso de que se deba interromper a actividade lectiva presencial debido ao peche dunha aula, dun nivel ou do centro, ou, con carácter subsidiario, en situacións análogas tales coma confinamentos parciais de parte do alumnado ou profesorado do centro.
- Establecer unha planificación horaria de traballo do profesorado do grupo co alumnado que reflicta o establecido no modo presencial de xeito que se manteña o vínculo co alumnado.
- Tomar as medidas necesarias para evitar a brecha dixital.
- Evitar a situación de perda do vínculo escolar por parte do alumnado.
- Establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva.

3. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO

- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con Covid-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de Covid-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de Covid-19. É compromiso individual e particular de toda a Comunidade Educativa do CEIP Fermín Bouza Brey a realización previa da autoenquisa antes de asistir ao centro educativo, así como de poñer en coñecemento do Equipo Covid do CEIP Fermín Bouza Brey tal circunstancia.
- Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual (o que corresponde segundo a ubicación da persoa sintomática), colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. Seguindo o apartado do Plan de Adaptación do CEIP Fermín Bouza Brey que corresponde a Xestión de abrochos.
- Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia (designado pola Consellería e recollido no Plan de Adaptación), ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
 - máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
 - De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houberse dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.
- Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos

equipos de protección individual e no seu refugallo.

O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

- En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
- No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na Covid-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCovid, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.
- A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.
- Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid-19 seguiranse as recomendacións da CSC e, no caso de gromos, da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.
- A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo Covid do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.
- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no

Plan de Adaptación á situación Covid 19 do curso escolar 2021 - 2022, na resolución que se dite aos efectos do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para curso 2021-2022 así como para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia.

4. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

- Será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo, realizando un seguimento das materias de xeito virtual. Tamén poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

- Desenvolveremos as seguintes medidas:

FAMILIAS: O profesorado manterá un estreito contacto co alumnado e a súa familia, para coñecer o seu estado de saúde e emocional; así como para facer o seguimento, apoio e asesoramento durante o ensino a distancia.

Empregaranse para este fin todas as ferramentas a disposición, primando o uso das ferramentas institucionais sempre que sexa posible por parte das familias: Abalar Móbil e mensaxería da Aula Virtual do centro.

A comunicación oficial do centro será a través da mensaxería de centro Abalar Móbil, da páxina web e da Aula Virtual.

As titorías coas familias realizaranse por teléfono ou videoconferencia.

ALUMNADO E AULA VIRTUAL: Todo o profesorado empregará a aula virtual do centro, volcando nela os contidos e actividades correspondentes á súa materia.

A Aula Virtual do centro posibilitará o envío e recepción de tarefas e a avaliación das mesmas.

Na Educación Infantil ou no caso doutro alumnado no que non sexa posible o uso da Aula Virtual, arbitrarase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia (alumnado vulnerable: equipos da Consellería). O equipo Covid do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

Todo o profesorado asegurase de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.

Para fornecer de contidos a aula virtual o profesorado poderá:

- usar os dispoñibles no repositorio do espazo Abalar.
- os da páxina web do Ministerio ou outros da súa selección,
- contidos de creación propia.
- os libros dixitais do curso correspondente.

O profesorado levará un control do alumnado que realiza as tarefas e identificará ao que está desvinculado da actividade escolar.

Dará conta dos casos de alumnado desvinculado da actividade escolar á dirección do centro.

ALUMNADO CON NEAE NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA

O alumnado con necesidades educativas especiais será considerado en situación de especial vulnerabilidade en caso de ensino non presencial. De ser o caso, identificarase ao alumnado que non dispoña do equipamento necesario no fogar e proporcionarase o mesmo ou realizarase unha solicitude conforme ao procedemento establecido para a Xestión do Equipamento Dixital COVID-19.

O equipo docente coordinarase para consensuar unha proposta individualizada. A proposta comunicarase ao alumnado e as familias de xeito claro.

Adecuaranse as programacións didácticas ou as adaptacións curriculares para a consecución das competencias clave en todas as materias.

Os equipos docentes de cada grupo/aula celebrarán reunións de coordinación para:

- * Establecer pautas para o desenvolvemento de tarefas ou proxectos
- * Axustar os tempos de traballo
- * Ofrecer apoios ás familias, como guías ou videotutoriais.
- * Establecer a forma de recoller e avaliar a aprendizaxe.
- * Compartir información sobre o alumnado e facer unha valoración de logros e necesidades tanto a nivel grupal como a nivel individual, aportando indicadores de seguimento.
- * Coordinar os plans de traballo, evitando a sobrecarga de tarefas.
- * Favorecer redes naturais de apoio no contorno en liña mediante traballo cooperativo entre iguais (parellas, pequenos grupos).

A xefatura do Departamento de Orientación Coordinará as actuacións do departamento nos seguintes aspectos:

- Comprobación, xunto co profesorado titor e os equipos docentes, das situacións de especial dificultade do alumnado, asesorando sobre medidas organizativas, meto-

dolóxicas, de reforzo educativo e, no seu caso, realizando o seguimento ou adecuación das adaptacións curriculares.

- Asesoramento ao equipo directivo e ao equipo docente no relativo ao benestar emocional da comunidade educativa. Así como apoio emocional das familias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Seguimento do alumnado en coordinación cos equipos docentes evitando o risco de abandono escolar ou unha desconexión temporal por mor do confinamento.
- Asesoramento ao equipo docente na elaboración e posta en práctica da avaliación educativa. Teranse en conta os diferentes protocolos educativos de atención á diversidade.
- Adaptación ao horario de atención do alumnado das intervencións do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou en audición e linguaxe, de xeito conxunto e coordinado co horario do profesorado.
- Apoio, de ser o caso, na recuperación do vínculo escolar do alumnado desconectado do sistema.

HORARIOS: O centro establecerá horarios de traballo para cada nivel que reflectan os establecidos no modo presencial (razón pola que serán coñecidos como "horarios espello") de xeito que se manteña o vínculo co alumnado tendo en conta o medio virtual no que se desenvolve e as súas posibles dificultades que permitan:

- o A interacción entre o alumnado e o profesorado,
- o a explicación de conceptos,
- o a realización de tarefas,
- o a resolución de dúbidas e
- o a avaliación do progreso.

Estes horarios serán de aplicación en períodos de:

- o Peche de aulas
- o Peche do centro

PROFESORADO: Todo o profesorado accederá á aula virtual co alumnado durante o período de ensino presencial co fin de practicar o seu uso para poder empregala con eficacia no caso de precisar ensino a distancia. Continuará voluntariamente a súa formación a través do uso da aula virtual, de cursos e de titoriais para profesorado que proporcionan as autoridades educativas.

Ao longo do mes de setembro o profesorado vai ir familiarizando ao alumnado no manexo das aulas virtuais e procederá a matricular ao alumnado guiado polo equipo TIC do centro. No caso de confinamento ou corentena de un alumno/a, de varios ou un grupo, o profesor/a fará un seguimento diario do seu alumnado ,mantendo clases virtuais no caso de ser o grupo enteiro e facilitando o acceso a clases telemáticas no caso de un ou varios alumnos/as sendo o centro facilitador dos recursos que necesite para facelo posible.

5. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. Os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial levaranse a cabo de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.